



Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas, REMAC

É conveniente que calquera asociación ou **entidade sen ánimo de lucro legalmente** constituída e que teña o seu ámbito de actividade **dentro da cidade da Coruña**, inscribase no **Rexistro de Asociacións do Concello** de face ao seu pleno recoñecemento a nivel municipal.

O Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) é **independente** dos Rexistros Nacional e Autonómico, nos que as entidades deben figurar inscritas para poder darse de alta no REMAC.

A formalización da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións é **gratuíta** e constitúe un **requisito** necesario para o acceso a determinados programas, cursos formativos ou axudas convocados pola Administración Local.

Para **formalizar a inscrición no REMAC**, é necesario realizar unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello e presentala acompañada da seguinte documentación:

1. Estatutos da Asociación.
2. Acreditación da inscrición no Rexistro Nacional, Autonómico, ou no que que corresponda.
3. Certificación das persoas que ocupan os cargos directivos.
4. Taxjeta de Identificación Fiscal.
5. Copia do DNI do/a presidente/a da entidade.
6. Enderezo social, número de teléfono, páxina web e correo electrónico.
7. Orzamento orientativo do ano en curso.
8. Breve programa de actividades do ano en curso.
9. Certificación do número de socios.
10. Forma na que se queren recibir as notificacións e a información procedente do Concello, preferentemente a través de medios telemáticos.



PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

O Artigo 13 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña regula o Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC), que ten por obxecto coñecer as entidades existentes no municipio, as súas características, fins e representatividade, para posibilitar unha correcta política municipal no ámbito do asociacionismo.



PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

MODELO

CERTIFICACIÓN DO NÚMERO DE SOCIOS

O/A Secretario/a da Asociación, con
enderrezo en, CIF
nº, e nº de inscrición no Rexistro Xeral

CERTIFICA

que a data de hoxe, o número total de socios da entidade é de (.....).

E para quen poida interesar, asina este documento, co VºBº do Presidente en

A Coruña, de de 20.....

O/A Secretario /a

O/A Presidente/a

Asdo.:.....

Asdo.:.....